



Resolución do 29 de xullo de 2011, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se presta conformidade ás adhesións solicitadas polas Entidades Locais de Galicia que figuran no anexo desta resolución, ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia

En data 13 de xullo de 2010 asinouse Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na súa cláusula cuarta do capítulo primeiro establecíase o marco polo cal as Entidades Locais poderían asinar a súa adhesión.

En data 13 de outubro de 2010 asinouse addenda ao referido convenio polo que se ampliaba o prazo de adhesión ata 31 de marzo de 2011, prazo renovado por nova addenda de data 29 de marzo de 2011 ata o día 31 de decembro de 2011.

A cláusula décimo sétima establece a existencia dunha comisión de seguimento, que comprenderá, entre outras, a conformidade ás posibles adhesións ao presente convenio que se soliciten polas Entidades Locais, aplicando o modelo incorporado no Anexo IV deste convenio, sen prexuízo de que, mediante acordo desta, poida delegar a devandita competencia nalgún ou algúns dos seus membros.

A devandita comisión de seguimento, segundo consta na acta remitida pola secretaria da comisión, na súa reunión de data 14 de decembro de 2010, acordou delegar a autorización das adhesións no director xeral de Administración Local.

En data 27 de abril de 2011, emitiuse unha primeira resolución pola que se prestaba conformidade as solicitudes de adhesión telemática das entidades locais de Galicia validadas ata marzo de 2011.

Tramitadas novas solicitudes de adhesión telemáticas, procede agora prestar conformidade as validadas de forma correcta ata 11 de xullo de 2011.

Polo exposto;

En uso das competencias atribuídas e ao abeiro do disposto na cláusula décimo sétima do convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP asinado en data 13 de xullo de 2010 e o acordo da comisión de seguimento do mesmo de data 14.12.2010; **RESOLVO:**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

Praza de Europa, 5 A - 4º - Polígono das Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 546 579 - 981 546 220
Fax 981 546 569
Correo electrónico: dxal@xunta.es

Primeiro. – Prestar conformidade as seguintes solicitudes de adhesión telemática das entidades locais de Galicia validadas dende a primeira resolución de data 27 de abril ata 11 de xullo de 2011, ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia e que figuran no anexo unido a presente resolución.

Segundo. – Posteriormente deberá procederse á aplicación do establecido na cláusula décimo sétima do convenio e certificar pola secretaría da comisión de seguimento a conformidade ás entidades locais.

Santiago de Compostela, a 29 de xullo de 2011

O director xeral de Administración Local

José Norberto Uzal Tresandí



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

Praza de Europa, 5 A - 4º - Polígono das Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 546 579 - 981 546 220
Fax 981 546 569
Correo electrónico: dxal@xunta.es

ANEXO:

ENTIDADES ADHERIDAS

ENTIDADE	PROVINCIA	ESTADO DE ADHESIÓN	RESOLUCIÓN
Concello de Ames	A Coruña	Validada	2ª
Concello de Aranga	A Coruña	Validada	2ª
Concello de Boqueixón	A Coruña	Validada	2ª
Concello de Cabanas	A Coruña	Validada	2ª
Concello de Cedeira	A Coruña	Validada	2ª
Concello de Mazaricos	A Coruña	Validada	2ª
Concello de Mugardos	A Coruña	Validada	2ª
Concello de Narón	A Coruña	Validada	2ª
Concello de Pontes de García Rodríguez (As)	A Coruña	Validada	2ª
Concello de Rois	A Coruña	Validada	2ª
Concello de San Sadurniño	A Coruña	Validada	2ª
Concello de Sobrado	A Coruña	Validada	2ª
Concello de Tordoia	A Coruña	Validada	2ª
Deputación de A Coruña	A Coruña	Validada	2ª
Concello de Baleira	Lugo	Validada	2ª
Concello de Cospeito	Lugo	Validada	2ª
Concello de Guitiriz	Lugo	Validada	2ª
Concello de Monforte de Lemos	Lugo	Validada	2ª
Concello de Navia de Suarna	Lugo	Validada	2ª
Concello de Pobra do Brollón	Lugo	Validada	2ª
Concello de Taboada	Lugo	Validada	2ª
Concello de Barco de Valdeorras (O)	Ourense	Validada	2ª
Concello de Castrelo de Miño	Ourense	Validada	2ª
Concello de Cenlle	Ourense	Validada	2ª
Concello de Gudiña (A)	Ourense	Validada	2ª
Concello de Lobios	Ourense	Validada	2ª
Concello de Melón	Ourense	Validada	2ª
Concello de Mezquita (A)	Ourense	Validada	2ª
Concello de Montederramo	Ourense	Validada	2ª
Concello de Ourense	Ourense	Validada	2ª
Concello de Ribadavia	Ourense	Validada	2ª
Concello de Sandiás	Ourense	Validada	2ª
Concello de Xinzo de Limia	Ourense	Validada	2ª
Concello de Bueu	Pontevedra	Validada	2ª
Concello de Gondomar	Pontevedra	Validada	2ª
Concello de Guarda (A)	Pontevedra	Validada	2ª
Concello de Mos	Pontevedra	Validada	2ª
Concello de Neves (As)	Pontevedra	Validada	2ª
Concello de Porriño (O)	Pontevedra	Validada	2ª
Concello de Soutomaior	Pontevedra	Validada	2ª
Deputación de Pontevedra	Pontevedra	Validada	2ª
MUNICIPIOS DE TERRA CHÁ	Lugo	Validada	2ª